

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

- 10141** *Real decreto 827/2017, do 1 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.*

I

O Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, estableceu as bases para a reforma do sistema español de compensación, liquidación e rexistro de valores co dobre obxectivo de adaptalo á normativa europea e aos estándares máis utilizados polos países da nosa contorna, e de permitir a súa integración na plataforma paneuropea de liquidación de operacións sobre valores TARGET2-Securities. Esta plataforma, impulsada polo Eurosistema, redundará na consecución dun verdadeiro mercado único de servizos financeiros de poscontratación na Unión Europea o cal repercutirá positivamente no sistema financeiro en xeral.

Completada a implantación da reforma antes mencionada no ámbito das operacións sobre valores de renda variable, procede agora establecer o marco xurídico para a adaptación ao sistema de compensación e liquidación de operacións sobre valores de renda fixa, o cal constitúe condición indispensable para a incorporación do depositario central de valores español (Iberclear) a TARGET2-Securities.

II

O obxectivo desta norma é múltiple. Por unha banda, trátase de estender a aplicación do sistema de compensación e liquidación implantado polo Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, aos valores de renda fixa. Para iso derrógase a súa disposición adicional segunda e determínanse a data e os termos en que terá lugar. Por outra, cómpre flexibilizar determinadas regras relativas á tenza de valores e á utilización de certos procedementos e avanzar na redución de cargas administrativas. Finalmente, inclúense prescricións específicas sobre os certificados de lexitimación expedidos en favor da Caixa Xeral de Depósitos e sobre a autorización para constituír depósitos na referida caixa para o aboamento de determinados prezos públicos.

Respondendo a estes obxectivos, identifícanse tres tipos de modificacións. En primeiro lugar, as orientadas a recoñecer e regular as características propias dos valores de renda fixa, como son as particularidades do documento da emisión e a supresión dun procedemento relativo a determinadas operacións de compravenda de valores de débeda pública anotada con pacto de recompra, posto que xa non poderán seguir realizándose na plataforma TARGET2-Securities ao non dispoñer dos protocolos necesarios para iso. O mencionado procedemento, denominado «repo español», regúlase no artigo 8.2 do Real decreto 505/1987, do 3 de abril, polo que se dispón a creación dun sistema de anotacións en conta para a débeda do Estado, e que se relaciona coas materias que se regulan neste real decreto na medida en que os valores de débeda do Estado son valores de renda fixa. Debe, en todo caso, precisarse que a urxencia coa cal se debe aprobar este real decreto non permitiu a revisión completa do dito real decreto para a súa total adecuación ao novo réxime de compensación e liquidación de operacións sobre valores de renda fixa. Esta tarefa acometerase nun futuro próximo e en paralelo coa reforma do réxime xurídico dos mercados de valores en España que terá lugar con motivo da transposición da

Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

En segundo lugar, introdúcese modificacións para conseguir flexibilizar a interpretación e aplicación de determinadas regras que impedían unha xestión eficiente das operacións de liquidación de valores no depositario central de valores por parte das entidades participantes e dos seus clientes. Trátase, por exemplo, da regra pola cal todas as entidades participantes deberán manter sempre nas súas contas propias de valores, no rexistro central xestionado polo depositario central de valores español, os valores de que sexan titulares. Tras a reforma do sistema español de compensación, liquidación e rexistro, permítese a utilización de varios tipos de contas, non só as contas propias e as contas globais de terceiros, senón tamén as contas individuais. Estas contas permiten a unha entidade abrilas por conta dun dos seus clientes para xestionar as súas operacións, tendo os seus valores totalmente segregados e dispoñendo de toda a información relativa aos seus valores. Isto facilita a actividade das entidades permitindo ser entidade participante e depositar a parte que proceda dos valores da súa titularidade en contas individuais e non necesariamente en contas propias.

Adicionalmente flexibilízase a utilización do procedemento especial de liquidación intermediario financeiro, que xa non se caracteriza polo tipo de clientes ou o tipo de operacións que se liquida nela, senón pola transitoriedade da utilización desta conta. Este procedemento especial funcionou satisfactoriamente na primeira fase da reforma e considérase beneficioso para o conxunto do sistema. Por tanto, non se debe restrinxir a súa utilización a operacións con clientes retallistas ou profesionais, senón que se debe permitir para todo tipo de operacións sempre que a liquidación nesa conta sexa transitoria. Conséguese con iso un elemento adicional que achega eficiencia na xestión operativa das entidades.

En terceiro lugar, introdúcese unha serie de melloras técnicas no texto. Destaca a actualización da disposición relativa ao rexistro de valores estranxeiros ao marco normativo europeo actual, que permite a un emisor elixir libremente o sistema de liquidación que prefira sen que a elección dun mercado ou outro para a negociación dos valores que emite deba predeterminar ou interferir na elección do sistema de liquidación. Ademais, cómpre aclarar que, con independencia de que a incorporación de valores estranxeiros ao depositario central de valores español implica necesariamente que estes se representen mediante anotacións en conta, nada obsta que os valores estranxeiros en cuestión poidan seguir representados en títulos para os efectos que correspondan segundo a súa lexislación de orixe.

Por outra banda, derrógase o rexistro de préstamo de valores xa que o Regulamento (UE) 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, harmonizou esta cuestión a nivel europeo.

Outra das adaptacións que se consideran convenientes para mellorar o funcionamento do noso sistema de compensación e liquidación de operacións sobre valores de renda fixa é a supresión da exigencia de comunicar determinada información ao chamado Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores. No caso deste tipo de valores non é necesario reportar ao dito sistema o relativo á identificación e detalle das operacións que se realizasen, nin aos valores concernidos e titularidades afectadas. O reporte desta información é excesivamente custoso para as entidades e a dita supresión non interfere negativamente na consecución dos obxectivos que persegue o sistema de información ao depositario central de valores.

Hai que sinalar que a adaptación operativa a TARGET2-Securities afecta tamén os certificados que acreditan as garantías que se constitúen na Caixa Xeral de Depósitos. Por tanto, inclúense neste real decreto as modificacións oportunas para que a incorporación á dita plataforma se leve a cabo con plena seguridade xurídica e operativa para os usuarios da dita caixa xeral. En concreto, trátase de adecuar o réxime dos certificados de

lexitimación que se deben presentar na Caixa Xeral de Depósitos para acreditar a titularidade dos valores, a súa inmovilización e inscrición da garantía no rexistro contable en que figuren anotados os ditos valores, para o efecto de que se poida constituír a garantía a favor da dita caixa. Engádese que a partir da entrada en vigor deste real decreto a Caixa Xeral de Depósitos admitirá exclusivamente certificados de lexitimación para a inmovilización e inscrición da garantía constituída en valores representados en anotacións en conta. Por iso, os certificados de lexitimación que están depositados na Caixa Xeral de Depósitos constituíndo garantías seguirán sendo válidos ata a súa substitución polos certificados de lexitimación anteriormente citados expedidos polas entidades participantes, substitución que se deberá facer no prazo establecido.

Considerouse conveniente regular estes certificados e a constitución de garantías a través dos ditos certificados no Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, engadindo unha disposición adicional xa que a reforma do Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, que exixiría unha revisión en profundidade deste, podería ter posto en risco a adaptación en prazo a TARGET2-Securities do réxime dos certificados que permiten a constitución de garantías na Caixa Xeral de Depósitos.

Tamén se incorpora unha disposición adicional relativa á constitución de determinados depósitos para os efectos da Orde ITC/3066/2011, do 10 de novembro, pola que se establecen os prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos. En virtude da dita orde establécense os prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades da actual Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade (en concreto, expedición de certificados de conformidade, informes de ensaio e realización de tomas de mostras conforme un procedemento normalizado, así como constatación de estándares de calidade e emisión de informes sobre condicións de produción preestablecidos en convenios de colaboración que se formalicen). Hai que ter en conta que o artigo 3.1. c) do Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, prevé a constitución de depósitos por particulares á disposición da Administración pública, cando así o recolla unha lei ou un real decreto.

O pagamento destes prezos públicos materialízase mediante un ingreso a favor da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos. O dito ingreso ten o carácter de «á conta» ao solicitar o interesado o servizo, ata que se expida a factura definitiva por este unha vez prestado, e devolveráselle, se é o caso, ao interesado a cantidade sobrante. Para que a dita operativa sexa posible, cómpre que os ditos depósitos se realicen na Caixa Xeral de Depósitos.

Por outra banda, inclúese unha disposición transitoria para concretar o tratamento que se lles debe dar aos certificados de lexitimación sobre valores de renda fixa emitidos antes da entrada en vigor do real decreto. Neste sentido, recibirán o mesmo que no caso dos certificados de lexitimación sobre valores de renda variable, xa que permanecerá vixente a disposición transitoria segunda do Real decreto 878/2015 que coa entrada en vigor deste real decreto será aplicable tamén aos valores de renda fixa.

Este real decreto dítase en uso das habilitacións contidas nos artigos 9, 45, 98, 100, 101, 107, 108 e na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 3 de outubro, e na disposición adicional décima da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

A norma adécuase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, recibidos os informes do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de setembro de 2017,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.*

O Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o título do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, que pasa a ser o seguinte:

«Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre rexistro, compensación e liquidación de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.»

Dous. Adáptase a referencia normativa contida no artigo 1, que queda redactado da seguinte forma:

«Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento do Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, no que se refire á representación de valores por medio de anotacións en conta, á compensación, liquidación e rexistro de valores, ao réxime xurídico das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores e ás obrigacións de transparencia dos emisores cuxos valores están admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.»

Tres. Adáptanse as referencias normativas contidas no artigo 2, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A representación de valores negociables, entendendo por tales os mencionados no artigo 2.1 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, (en diante, valores) por medio de anotacións en conta, rexeranse polo disposto no mencionado texto refundido e neste real decreto.

2. As entidades de contrapartida central rexeranse polo Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións, e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación, así como polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, e por este real decreto e as súas correspondentes normas de desenvolvemento, e polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, sen prexuízo das especialidades previstas nas disposicións citadas, así como calquera outra normativa que resulte aplicable do ordenamento xurídico ou do dereito da Unión Europea.

3. Os depositarios centrais de valores rexeranse polo Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012 e as súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación, así como polo Real

decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e por este real decreto e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento, e polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, sen prexuízo das especialidades previstas nas disposicións citadas, así como calquera outra normativa que resulte aplicable do ordenamento xurídico ou do dereito da Unión Europea.»

Catro. O número 3 do artigo 4 queda redactado como segue:

«3. O prazo de presentación dos títulos para a transformación deberase fixar no acordo a que se refire o número 1 e publicarse no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e na páxina web da entidade emisora, cando estea obrigada legalmente a manter a dita páxina, e non poderá ser inferior a un mes nin superior a un ano.»

Cinco. Adáptase a referencia normativa contida no número 3 do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Unha vez autorizada a reversión, a entidade encargada do rexistro contable de acordo cos artigos 8.1 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e 31 deste real decreto, fará entrega aos titulares dos correspondentes títulos e terá a condición de depositaria respecto destes.»

Seis. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. A representación de valores por medio de anotacións en conta deberá constar no documento da emisión conforme o artigo 7 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Sete. Adáptase a referencia normativa contida no número 2 do artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Antes da dita primeira inscrición, a entidade emisora deberá depositar outra copia do documento da emisión ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a incorporará ao rexistro público recollido no artigo 238.c) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Oito. O número 2 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«2. Sen prexuízo de que poida proceder a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil», a modificación farase pública na páxina web da entidade emisora cando estea obrigada legalmente a manter a dita páxina.»

Nove. O número 1 do artigo 11 queda redactado como segue:

«1. No caso de emisións de débeda do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais e dos seus organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes, a publicación das características da emisión nos boletíns oficiais correspondentes eximirá das obrigacións relativas ao documento da emisión recollidas nos artigos anteriores.

A dita publicación nos boletíns oficiais terá a consideración de documento da emisión para os efectos deste real decreto.»

Dez. Adáptase a referencia normativa contida no número 3 do artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os valores inscritos quedarán sometidos ás normas previstas no capítulo II do título I do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Once. Adáptase a referencia normativa contida no número 6 do artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que, respecto da transmisión de activos financeiros, establece a normativa tributaria, conforme o sinalado nos artigos 314 e 315 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Doce. Adáptase a referencia normativa contida no número 2 do artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores de acordo co disposto no artigo 8.3 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, os certificados serán expedidos:

a) Polo depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.

No caso de valores das contas referidas no artigo 32.1.c), a expedición polo depositario central de valores será por solicitude da entidade participante que xestione a dita conta logo de solicitude do cliente titular ou beneficiario.

b) Polas entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.»

Trece. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Os valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores ou nun sistema multilateral de negociación deberanse representar necesariamente por medio de anotacións en conta.»

Catorce. O último parágrafo do número 1 e o número 2 do artigo 32 quedan redactados da seguinte forma:

«No ámbito dos procedementos de compensación e liquidación poderanse establecer especialidades aplicables a este tipo de contas cando as utilicen determinados intermediarios financeiros que, de maneira transitoria, liquiden operacións para a súa posterior transmisión á conta definitiva. Estas especialidades deberán ser obxecto de regulación nos regulamentos e na normativa interna das entidades de contrapartida central, dos depositarios centrais de valores e, de ser o caso, dos mercados e sistemas multilaterais de negociación.»

«2. O ministro de Economía, Industria e Competitividade establecerá as entidades que poderán solicitar conta individual de xestión directa polo depositario central de valores, nas cales se anotarán de forma segregada os seus valores no rexistro central e as condicións en que esta se realizará. Estas entidades deberán ser administracións públicas de conformidade co artigo 2.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e os organismos públicos vinculados ou dependentes delas, os membros do Sistema europeo de bancos centrais e outras entidades de dereito público e organismos internacionais.»

Quince. Adáptase a referencia normativa contida no número 2 do artigo 34, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A inscrición a nome do titular que se produza nas contas dos rexistros de detalle das entidades participantes, ou nas contas a que se refiren as letras a) e c) do artigo 32.1 e 32.2 nos rexistros a cargo do depositario central de valores, será a que produza os efectos previstos nos artigos 11, 12 e 13 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Dezaseis. O número 2 do artigo 35 queda redactado da seguinte forma:

«2. O sistema de codificación permitirá obter, para cada emisión, información, polo menos, sobre a identidade do titular que figure no rexistro, o saldo de valores, as datas relevantes, transaccións que dean lugar a unha variación do saldo e, cando sexa posible identificalo, o prezo destas, así como a existencia de calquera dereito ou gravame que afecte os valores anotados, a súa data de constitución e de cancelación.»

Dezasete. O artigo 38 queda redactado da seguinte forma:

«O sistema de rexistro previsto neste capítulo aplicaráselles aos valores estranxeiros que estean rexistrados nun depositario central de valores español, sen que iso determine cambio no seu sistema de representación e, por conseguinte, con independencia de que estes permanezan incorporados a títulos ou estean desmaterializados de acordo coa lexislación de orixe respectiva.»

Dezaoito. O número 2 do artigo 39 queda redactado como segue:

«2. A inscrición realizarase cando se cumprisen os seguintes requisitos:

- a) O depositario central de valores teña á súa disposición copia do documento da emisión a que se refire o artigo 7 ou, de ser o caso, o artigo 11.
- b) As entidades participantes contén co consentimento ou coa correspondente orde dos subscritores.»

Dezanove. Adáptase a referencia normativa do número 3 do artigo 44:

«3. A entidade emisora deberá comunicar, por si mesma ou través da entidade axente, á sociedade reitora dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación en que, pola súa solicitude, estean admitidos a negociación os seus valores, así como ao depositario central de valores encargado do rexistro destes, os detalles dos dereitos ou obrigacións de contido económico que os valores xeren, tan pronto como se adoptase o acordo correspondente, de acordo co artigo 95 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Vinte. Derrógase o artigo 46.

Vinte e un. Adáptanse as referencias normativas contidas nos números 1 e 2 do artigo 48, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. A xestión do rexistro contable de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación corresponderá á entidade que designe a entidade emisora, que deberá ser unha empresa de servizos de investimento ou entidade de crédito autorizada para realizar a actividade prevista no artigo 141. a) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, ou un depositario central de valores, de acordo co previsto no artigo 8.2 do referido texto refundido.

2. Será requisito previo ao comezo da xestión do rexistro contable de cada emisión a aceptación da entidade designada e a inscrición da designación no rexistro previsto no artigo 238. a) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Vinte e dous. Adáptanse as referencias normativas contidas no segundo parágrafo do número 1 e no número 3 do artigo 49, que quedan redactados da seguinte forma:

«A efectividade da substitución estará condicionada ao traspaso á dita entidade do rexistro contable por parte da entidade encargada substituída. Tal traspaso enténdese producido no momento en que a nova entidade encargada poida asumir plenamente a xestión e se comunique esta circunstancia á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa incorporación ao rexistro previsto no artigo 238.a) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

«3. As empresas de servizos de investimento e entidades de crédito encargadas de rexistros contables non poderán modificar a súa declaración de actividades suprimindo a actividade comprendida no artigo 141.a) do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, sen que fosen substituídas efectivamente na xestión destes consonte o previsto nos puntos anteriores.»

Vinte e tres. Adáptanse as referencias normativas contidas na letra b) do número 1 do artigo 50, que queda redactada da seguinte forma:

«b) A imposición de sancións que impidan o desenvolvemento do servizo de investimento auxiliar de custodia e administración por conta de clientes dos instrumentos financeiros e, en particular, a revogación da autorización como sanción tal e como se prevé no artigo 302 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e no artigo 97.1.b) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou a suspensión ou limitación do tipo ou volume de actividades como sanción co alcance previsto nos artigos 302.2 e 303.2 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Vinte e catro. Adáptase a referencia normativa contida no primeiro parágrafo do número 3 do artigo 58, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os nomeamentos dos membros do consello de administración e dos directores xerais ou asimilados deberán ser autorizados previamente pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para os efectos de comprobar o cumprimento do réxime xurídico aplicable e, en particular, que as persoas nomeadas reúnen os requisitos de honorabilidade e experiencia exixidos nos artigos 152.1.f) e 182 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e de independencia, segundo o disposto no artigo 27 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e no artigo 27 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.»

Vinte e cinco. Adáptanse as referencias normativas contidas no último parágrafo do número 5 e no número 6 do artigo 60, que quedan redactados da seguinte forma:

«No prazo dun mes desde a recepción completa da documentación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos nos termos previstos nos artigos 100.2 e 106.2 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

6. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores deberán someter as súas contas anuais á aprobación da xunta xeral de accionistas, logo de auditoría destas nos termos que establece o artigo 241 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro. O informe de auditoría deberá ser remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores para o seu exame, que poderá dirixir ás entidades de contrapartida central e aos depositarios centrais de valores as recomendacións que coide pertinentes sen prexuízo das demais facultades que lle corresponden de acordo coa lexislación vixente.»

Vinte e seis. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 62, que queda redactado da seguinte forma:

«1. De conformidade cos artigos 93.1 e 328.4 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, será obrigatoria a compensación centralizada por parte dunha entidade de contrapartida central das operacións sobre accións e dereitos de subscripción de accións que sexan realizadas en segmentos de contratación multilateral dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación.»

Vinte e sete. Adáptanse as referencias normativas contidas no artigo 64, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As entidades de contrapartida central subscribirán un contrato con cada membro que detallará as relacións xurídicas entre as partes. A condición de membro perderase por renuncia ou por incumprimento, nos termos que prevexa o regulamento interno a que se refire o artigo 107 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

2. O regulamento interno a que se refire o artigo 107 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, determinará os dereitos e as obrigacións de cada unha das partes que se recollerán no contrato.

3. Os membros deberán contar cos sistemas de control e medios técnicos necesarios para cumprir adecuadamente as funcións que lles corresponden, en especial os que resultan do sistema de información regulado no artigo 114 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Vinte e oito. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 65, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Co fin de garantir o cumprimento das súas obrigacións, os membros das entidades de contrapartida central e os seus clientes constituirán as garantías que lles exixa a entidade de contrapartida central, de conformidade co establecido no artigo 109.3 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro; no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e nos seus respectivos regulamentos internos.»

Vinte e nove. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co título VIII do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, as entidades de contrapartida central deberán velar pola corrección e eficiencia dos procesos de compensación e o control e a mitigación do risco de contrapartida.»

Trinta. O número 3 do artigo 67 queda redactado da seguinte forma:

«3. Todas as entidades participantes deberán ter depositados os valores de que sexan titulares nas súas contas propias de valores ou en contas individuais ao seu nome noutra ou noutras entidades participantes, no rexistro central.»

Trinta e un. Adáptanse as referencias normativas contidas nos números 2 e 3 do artigo 68, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Os regulamentos internos dos depositarios centrais de valores a que se refire o artigo 101 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, determinarán os dereitos e as obrigacións de cada unha das partes que se recollerán no contrato.

3. As entidades participantes deberán contar cos sistemas de control e medios técnicos necesarios para cumprir adecuadamente as funcións que lles corresponden, en especial os que resultan do sistema de información regulado no artigo 114 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, e do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Trinta e dous. Adáptase a referencia normativa contida no número 2 do artigo 69, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Sen prexuízo do establecido no artigo 102 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, os depositarios centrais de valores velarán por que os valores anotados no rexistro central e nas contas do rexistro de detalle a cargo da entidade que perda a condición de entidade participante sexan traspasados a outra entidade participante.»

Trinta e tres. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 70, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As entidades participantes estarán obrigadas a cumprir o regulamento interno e cantas circulares adopten os depositarios centrais de valores no marco das funcións de liquidación e rexistro que lles atribúen o Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, este real decreto e o propio regulamento.»

Trinta e catro. Adáptanse as referencias normativas contidas nos números 1 e 2 do artigo 73, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores de conformidade co título VIII do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, os depositarios centrais de valores velarán pola adecuada xestión dos rexistros contables e a corrección e eficiencia dos procesos de liquidación e, para iso, exercerán funcións de seguimento e control sobre a actividade de rexistro e liquidación das entidades participantes nos seus sistemas.

2. Os depositarios centrais de valores, no exercicio das súas funcións de seguimento e control, deberán polo menos:

a) Comprobar a correcta xestión do rexistro, nos seus dous chanzos, para salvagardar a correspondencia exacta entre o número total de valores correspondentes a unha mesma emisión e o acreditado nas contas correspondentes, tanto no rexistro central como nos rexistros de detalle. Para iso, os depositarios centrais de valores deberán adoptar, polo menos, as seguintes medidas:

1.º Arqueos periódicos, co obxecto de verificar que o saldo global das contas xerais de terceiros das entidades participantes no rexistro central do depositario central de valores coincide coa suma dos saldos nas contas abertas polos seus

clientes nos rexistros de detalle. O manual de seguimento e control a que se refire o número 3 fixará a periodicidade con que se realizarán estes arqueos.

2.º Arqueos complementarios, co obxecto de verificar que os saldos das contas dos clientes ao final dun día determinado entre dúas datas coincide con todos os movementos comunicados ao sistema de información previsto no artigo 114 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

b) Controlar e promover a eficiencia e a corrección dos procesos de liquidación vixiando a efectiva liquidación de todas as operacións, especialmente das que, como consecuencia da compensación, son liquidadas mediante apuntamentos realizados nas contas dos rexistros de detalle que manteñen as entidades participantes. Os depositarios centrais efectuarán un seguimento dos atrasos na liquidación en que incorran as entidades participantes e informarán trimestralmente o consello de administración das incidencias que se producen ao respecto, con indicación das entidades involucradas e dos valores a que se refiran esas demoras.

c) Manter un marco eficiente da xestión de riscos derivados da xestión dos sistemas de liquidación.

d) Elaborar pautas ou ratios específicas que teñan en consideración, entre outros aspectos, os niveis mínimos de servizo, as expectativas de xestión de riscos e as prioridades de negocio. Para efectos da súa revisión periódica, os depositarios centrais de valores establecerán os procesos e parámetros de avaliación e fixarán unha frecuencia concreta de revisión.

e) Adoptar medidas concretas de identificación, control, xestión e redución dos riscos operativos a que estean expostos. Os depositarios centrais de valores facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España información sobre todo risco deste tipo que se detecte, de conformidade co disposto no artigo 45.6 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.»

Trinta e cinco. Adáptase a referencia normativa contida no número 3 do artigo 75, que queda redactado da seguinte forma:

«3. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo do dereito das entidades emisoras a designaren a entidade encargada do rexistro contable conforme o artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, así como do dereito a designaren o sistema de liquidación de operacións que se lles recoñece aos membros dos mercados de acordo co artigo 112 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Trinta e seis. Adáptase a referencia normativa contida no número 3 do artigo 76, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os convenios que subscriban as entidades de contrapartida central requirirán, de acordo co artigo 104.5 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España.»

Trinta e sete. O número 2 do artigo 83 queda redactado da seguinte forma:

«2. Así mesmo, os depositarios centrais de valores establecerán mecanismos, incluíndo penalizacións pecuniarias, que constitúan un factor disuasorio para as entidades participantes que provoquen fallos na liquidación.»

Trinta e oito. Adáptase a referencia normativa contida no número 1 do artigo 84, que queda redactado da seguinte forma:

«1. De acordo co previsto no artigo 95.3 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, os depositarios centrais de valores realizarán os oportunos axustes en relación coa liquidación de operacións sobre valores que teñan asignado algún dereito ou obriga cando, por atrasos ou eventuais fallos na liquidación das operacións, os valores non se lles asignasen aos perceptores con dereito a aqueles.»

Trinta e nove. O artigo 85 queda redactado como segue:

«1. O sistema de información, transmisión e almacenamento de datos previsto polo artigo 114 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, aplicable aos valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, será xestionado polo depositario central de valores designado de acordo co artigo 8.3 do referido texto refundido para a xestión do rexistro contable.

2. Os datos que se deban remitir ao sistema de información, transmisión e almacenamento comprenderán todos aqueles que sexan necesarios para o adecuado cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 114.3 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.

3. As regras de funcionamento do sistema de información, transmisión e almacenamento a que se refire o artigo 115.2 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, serán recollidas no regulamento interno do depositario central de valores que xestione o sistema de información, transmisión e almacenamento, e detallarán os datos que deban remitirse ao aludido sistema. En particular, o regulamento establecerá os procedementos oportunos para resolver as incidencias que poidan ter lugar e, nomeadamente, a falta de comunicación dos datos completos a que se refire o número 2.

Os requisitos e procesos técnicos, administrativos e operativos aplicables ao procesamento deses datos serán detallados na normativa interna do mencionado depositario central de valores.

4. O ministro de Economía, Industria e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá desenvolver o previsto neste capítulo.»

Corenta. Derrógase a disposición adicional segunda.

Corenta e un. Engádeselle unha nova disposición adicional ao Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional sexta. *Contido dos certificados de lexitimación expedidos a favor da Caixa Xeral de Depósitos para acreditar a titularidade dos valores, a súa inmovilización e inscrición da garantía no rexistro contable en que figuren anotados.*

1. Os certificados de lexitimación, expedidos a favor da Caixa Xeral de Depósitos cando se refiren á inmovilización e inscrición de valores achegados como garantías que se deban constituír na dita caixa, regulados no artigo 10 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, ademais dos aspectos previstos no artigo 19 do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, deberán recoller:

a) Confirmación de que os valores afectos á garantía están libres de toda carga ou gravame no momento de constitución de garantía, así como a indicación expresa de que estes non poderán quedar gravados por ningún outro acto ou negocio xurídico que prexudique a garantía durante a vixencia desta.

b) A obrigación do garantido de substituír a garantía por outra das recollidas no artigo 3 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, con carácter previo á amortización dos valores sempre que a garantía estea vixente.

c) A obrigación da entidade que expide o certificado de lexitimación de non reembolsar o saldo resultante do alleamento dos valores inmovilizados e inscritos ao garantido, mentres a garantía deba estar vixente e a Caixa Xeral de Depósitos non llo indique.

d) A obrigación da entidade que expide o certificado de lexitimación de ingresar no Tesouro Público, por requirimento da Caixa Xeral de Depósitos, o saldo resultante do alleamento dos valores inmovilizados e inscritos, e devolver, se é o caso, ao garantido o exceso sobre o importe da garantía.

2. O prazo de vixencia dos certificados regulados no artigo 10 do Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, non poderá ser inferior á data de amortización dos valores inmovilizados.

3. Para os efectos do artigo 11 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, e no caso de valores de débeda do Estado, presentarase o certificado de lexitimación a que se refire esta disposición adicional.

4. A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá establecer mediante resolución o modelo de certificado de lexitimación.»

Corenta e dous. A disposición derogatoria do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular:

a) O artigo 8.2 do Real decreto 505/1987, do 3 de abril, polo que se dispón a creación dun sistema de anotacións en conta para a débeda do Estado.

b) O Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.

c) O Decreto 1506/1967, do 30 de xuño, polo que se aproba o Regulamento das bolsas de comercio.

d) O artigo primeiro da Orde do 31 de xullo de 1991 sobre cesión de valores en préstamo polas institucións de investimento colectivo e réxime de recursos propios, de información e contable das sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.»

Corenta e tres. Actualízanse as referencias do número un da disposición derradeira segunda do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea.*

O Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 e introdúcese un novo número 3 no artigo 1, co seguinte teor literal, e renuméranse os números 3 e 4 como números 4 e 5:

2. A información regulada inclúe:

a) A información periódica regulada nos artigos 118 a 123 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

b) A relativa ás participacións significativas e ás operacións dos emisores sobre as súas propias accións nos termos dos artigos 125 e 126 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

c) A relativa ao número total de dereitos de voto e de capital ao termo de cada mes natural durante o cal se producise un incremento ou diminución, como resultado dos cambios do número total de dereitos de voto a que se refire o segundo parágrafo do número 1 do artigo 125 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

d) A información relevante a que se refire o artigo 228 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

e) O informe sobre pagamentos efectuados ás administracións públicas a que se refire a disposición adicional décima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.

3. Para os efectos deste real decreto, terá a consideración de emisor toda persoa física ou xurídica rexida polo dereito público ou privado, incluído un Estado, cuxos valores sexan admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou mercado regulado da Unión Europea.

No caso de certificados admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou outro mercado regulado domiciliado na Unión Europea que representen accións ou bonos, terá a consideración de emisor aquel que emita os valores representados por tales certificados, con independencia de que estes se admitan ou non a negociación nalgún dos mercados anteriormente citados.

Para os efectos deste real decreto as referencias a persoas xurídicas entenderase que inclúen as asociacións empresariais rexistradas que carezan de personalidade xurídica e os fideicomisos.»

Corenta e catro. A disposición derradeira quinta do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Economía, Industria e Competitividade ou, coa súa habilitación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá ditar as disposicións precisas para a execución e o desenvolvemento do previsto neste real decreto.»

Corenta e cinco. Actualízanse as referencias contidas na disposición derradeira sexta, que queda redactada como segue:

«Disposición derradeira sexta. *Aplicación doutras normas.*

1. De conformidade co disposto na disposición transitoria sexta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, o número 3 do artigo 125 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, segundo a redacción efectuada polo número seis, letra B), da disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, será de aplicación a partir da data establecida no número 4 da disposición derradeira sétima deste real decreto.

2. De conformidade co disposto na disposición transitoria sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño:

a) As modificacións introducidas polos números catro a oito, doce, trece, quince, vinte e un, vinte e dous e vinte e nove da letra A) da disposición derradeira primeira serán de aplicación a partir da data establecida no número 1 da disposición derradeira sétima deste real decreto. Non obstante, as modificacións do número doce non serán de aplicación aos valores de renda fixa admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.

b) A nova redacción dos artigos 97 a 102 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, dada polo número dez da referida disposición derradeira, será de aplicación o día seguinte ao da publicación deste real decreto no *Boletín Oficial del Estado*, sen prexuízo de que, de acordo co número 2 da disposición transitoria sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a disposición adicional décimo sétima da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e o artigo 69.4 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores seguirá estando autorizada como depositario central de valores conforme a normativa nacional mentres non reciba a autorización en virtude do mencionado Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.»

Disposición adicional única. *Autorización de constitución de depósitos na Caixa Xeral de Depósitos para facer fronte aos pagamentos por prezos públicos establecidos na Orde ITC/3066/2011, do 10 de novembro, pola que se establecen os prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades da Dirección Xeral de Comercio e Investmentos.*

De conformidade co disposto no artigo 31.c) do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, autorízase a constitución de depósitos por parte de operadores económicos á disposición da Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade, do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, co fin de facer fronte aos pagamentos por prezos públicos establecidos na Orde ITC/3066/2011, do 10 de novembro, pola que se establecen os prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades da Dirección Xeral de Comercio e Investmentos.

Disposición transitoria única. *Vixencia dos certificados expedidos referidos a valores de renda fixa.*

«1. Os certificados de lexitimación a que se refire a sección 4.^a do capítulo I do título I do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, referidos a valores de renda fixa e emitidos con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto manterán a súa vixencia segundo a normativa que lles resulte de aplicación, entendéndose por non posta a información sobre os certificados de inmovilización ou notificacións de inmovilización a que poidan facer referencia.

2. Cando a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores e os valores a que se refire o mencionado certificado pasen a ser anotados noutro tipo de conta das reguladas no artigo 32 do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, da mesma entidade participante, a entidade que expediu o certificado deberá solicitalo e realizar as actuacións necesarias para a expedición dun novo que acredite o saldo anotado na nova conta.

3. Cando a entidade que emitiu o certificado deixe de ser entidade participante no momento da entrada en vigor deste real decreto, a nova entidade participante encargada de rexistro dos valores correspondentes deberá realizar as actuacións necesarias para solicitar, coa colaboración da primeira entidade, a expedición dos certificados que acrediten o saldo de valores bloqueado.

4. Os certificados de inmovilización que no momento da entrada en vigor do presente real decreto se encontren depositados na Caixa Xeral de Depósitos constituíndo garantías en valores de renda fixa seguirán sendo válidos ata a súa substitución polos certificados de lexitimación para a inmovilización e inscrición da garantía regulados na disposición adicional sexta do presente real decreto, que serán expedidos polas entidades participantes.

As entidades participantes terán ata o 30 de outubro de 2017 para levar a cabo a substitución a que se refire o parágrafo anterior.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 6.^a, 11.^a e 13.^a, da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil e procesual, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 18 de setembro de 2017.

Dado en Madrid o 1 de setembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO